

O DIARIO DUN CAN



Ola, o meu nome é Pancho e eu son un can de cor marrón e branca. Hoxe véñovos contar as 1001 historias que me pasaron no coche do meu humano. Poderíamos comezar coa vez que vin unha manda de animais saltando e correndo pola miña aldea.

Todo empezou cando vin a un rato brincar. O pequeno comezou a correr e agocharse, ao principio non sabía o que estaba a pasar, mais logo deime conta de que algo o perseguía. Tempo despois vin saír dun recuncho un gato grande e gordo, detrás outro can, daquela unha vaca, un burro e un cabalo detrás e, todos eles, perseguindo ao rato. O pobre animal acabou librándose mais o can traboulle a cola ao gato, a vaca quedou durmida e o burro e o cabalo quedaron pastando a herba. Non souben nada máis sobre o rato.

Outra das historias curiosas que me pasaron foi unha vez que un autobús de turistas tentou levar aos pasaxeiros dentro da miña aldea. A dicir verdade non saíu moi ben a xogada. Para meternos en contexto, na miña aldea hai moitos muíños e son algo moi famoso e turístico, así que o autobús tentou entrar pero topouse de fronte cun charco de barro. O meu humano saíu do coche e eu fun axudar. Estiveron a tratar de sacar o transporte durante mínimo catro horas. Cando, por fin, o sacaron, os turistas tiveron que ir andando ata os muíños. As fotos puidéronse sacar pero o autobús sufriuno todo.

E como estas, moitas historias máis.

Alexía Alonso Lago
1º ESO D

